

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, 2

15008 A Coruña

Asunto: Alegacións ao ACORDO do 2 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Barrosino, no concello da Baña (expediente IN408A 2019/30). DOG Núm. 174, 9 de setembro de 2021.

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Acordo do 2 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Barrosino, no concello da Baña (expediente IN408A 2019/30). DOG Núm. 174, 9 de setembro de 2021, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

1.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

2.- Impactos ambientais severos.

Indica a mercantil promotora:

“Con fecha 28 de junio de 2019 Green Capital Power, SL, acredita ante la “Dirección Xeral de Enerxía e Minas”, Consellería de Economía, Emprego e Industria, el permiso de acceso del Parque Eólico Barrosino, en la Subestación de Lousame 220kV de REE, el 27/04/2020 se acredita el permiso de conexión según el IVCTC remitido por REE. Para la evacuación del parque eólico de Barrosino se plantea la denominada “Solución de evacuación conjunta de los PPEE Barrosino y Vilartoxo” proyectándose la construcción de una Línea de Media Tensión a 30 kV, “LMT 30 kV Centro Seccionamiento Barrosino- SET Troitomil”, que discurrirá desde el centro de seccionamiento del Parque Eólico Barrosino hasta la Subestación del Parque Eólico Troitomil (30/132 kV), en el Término Municipal de A Baña, objeto de su correspondiente Proyecto ya en tramitación. De este parque partirá una LAT 132 kV conjunta con otros parques del clúster, que evacuarán la energía hasta la subestación colectora de Lousame 132/220 kV, y desde esta a través de una LAAT 220 kV se conectará a la SET Lousame 220 de Red Eléctrica de España, SAU.

El interés público y utilidad social del Parque Eólico objeto de este proyecto, queda justificado en virtud de lo expuesto en este apartado y por encontrarse dicho Parque dentro de las áreas delimitadas en el Plan Sectorial Eólico de Galicia, aprobado definitivamente por el Consello de la Xunta de Galicia el 1 de Octubre de 1997.”

A mercantil promotora reconece expresamente a existencia dun Clúster de empresas que teñen un plan industrial eólico para a mesma área xeográfica. Por iso, este plan debiera ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica e o conxunto de parques e infraestruturas eólicas someterse no seu conxunto á avaliación ambiental coa correspondente participación pública. Estase a producir o fraccionamento aos efectos da avaliación ambiental dun plan en varios parques eólicos de tramitación independente coa finalidade de obviar a participación pública na valoración dos impactos globais da totalidade do plan e minimizar os efectos ambientais. A isto hai que engadir que este plan industrial eólico enmárcanse nun regulamento desfasado, como é o Plan Sectorial Eólico de Galicia, que carece de avaliación ambiental estratéxica e nin sequera está a ser obxecto do debido seguimento ambiental que prevé a Lei 21/2013, de avaliación ambiental para minimizar a incidencia ambiental derivada, como neste caso, do cúmulo de proxectos eólicos na mesma área xeográfica.

☞ **Ausencia de utilidade pública e interés social do proxecto eólico Barrosino. Ausencia de interés autonómico algún.**

Indica a mercantil promotora:

“Dada la modificación del marco regulatorio nacional, es de capital importancia permitir una rápida tramitación de los expedientes administrativos de autorización de proyectos eólicos de cara a competir con los diferentes territorios estatales, por

lo que se espera que con las reformas impulsadas por la Ley 5/2017 de 19 de octubre, de fomento de la implantación de iniciativas empresariales en Galicia, se permita presentar en esta Comunidad Autónoma la mayor cantidad de proyectos que aprovechen su privilegiada situación respecto al recurso eólico”.

É dicir, que a utilidade pública e o interés social do proxecto non existe. Este proxecto, ao igual que o resto dos proxectos do mesmo clúster de empresas, o que busca é unha posición ventaxosa no mercado eólico para competir con máis facilidade e sacar adiante o maior número de proxectos posibles para maximizar beneficios, e todo elo, ao abeiro dunha lei galega que lle permitiría competir con máis facilidade neste territorio.

☞ **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLOXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:**

As instalacións eólicas sitúanse sobre as nascencias dos ríos que dan lugar aos vales fluviais que se estenden ao longo da serra e dos cumios. A implantación do parque eólico sitúase no sistema de explotación do Río Tambre e Ría de Muros e Noia, concretamente na conca do Río Barcala, afluente do río Tambre de 17,8 km de lonxitude que nace no monte Fontemago (Santa Comba) e baña os municipios da Baña e Negreira, onde desemboca no encoro de Barrié de la Maza.

Son varios os cursos fluviais que discorren polo ámbito de estudo: Río Albariña, Rego Agrotas, Rego Gatón, Rego de Failde e Rego de Nantón. Sen embargo, na poligonal do parque existen outros cauces obviados pola mercantil promotora.

A mercantil promotora tamén obvia as captacións de auga para uso doméstico e agro –gandeiro e as fontes.

☞ **Afección severa e prexuízos irreversibles para humidais, brañas, diversos cauces innominados e fontes. Impacto obviado pola mercantil promotora.**

O humidal máis próximo do Inventario de humidais de Galicia é “Brañas do Campo Pequeno” situado a escasos metros do aeroxerador BA02.

Sen embargo, é preciso sinalar que existen varias brañas afectadas polas infraestruturas eólicas e humidais ao igual que diversas fontes obviadas pola mercantil promotora como poden ser as Brañas de Pontellas e de Ferreiros, Boca da Braña, Monte da Lagoa, As Pozas, A Ferverza, A Fonte dos Buratos...etc. Nunha época de crise climática e seca como a actual a protección dos humidais e brañas cobra especial relevancia, e máis se temos en conta que o inventario de humidais de Galicia, correspondente co inventario definido no Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos (DOG N°122, 25/06/2008), non recolle ningún humidal.

☞ **Prexuízos significativos e irreversibles para os hábitats prioritarios e de interés comunitario:**

4030 Brezais secos europeos

4020* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix

4090 Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga

9230 Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pirenaica

8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira

91E0* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo

6230* Formacións herbosas con Nardus

8220 Ladeiras e saíntes rochosos silíceos con vexetación casmofítica

3150 Lagos e lagoas eutróficos naturais, con vexetación Magnopotamion ou

Hydrocharition

5110 Formacións estables xerotermófilas de Buxus sempervirens en pendentes rochosas

6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino

☞ **Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood: **Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.**

“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. **2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.**

☞ **Afección severa e irreversible para o bosque autóctono:**

Dominado por Quercus robur e Castanea Sativa e outras especies caducifolias como Betula alba, normalmente en asociación con Quercus robur.

A eliminación de exemplares destas masas ao igual que a vexetación de ribeira implica unha afección permanente e contraria á Directiva de Hábitats que obriga a mantelos nun estado de conservación favorable.



Foto 16: Zanja entre BA02 y BA01.

Vexetación autóctona afectada por unha gabiá de cableado.

Aerogenerador BA-01



Ilustración 3.- Posición y entorno del aerogenerador BA-01.

Afección ao bosque autóctono galego e vulneración da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

En Galicia non existe unha protección específica para este tipo de formacións e, ano tras ano, prodúcese a perda ou degradación de bosques antigos de gran valor ambiental e cultural. A case totalidade dos bosques nativos de Galicia correspóndese con hábitats de interese comunitario, a protección da cal, tanto dentro da Rede Natura 2000 como no resto do territorio, vén derivada, entre outras, polo artigo 45.3 da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade. Pero esta protección así como a derivada doutras normativas autonómicas e estatais non resultan suficientemente efectivas para deter a perda de bosques nativos, especialmente de bosques de ribeira, carballeiras e bosques de encostas. Fóra da Rede defínense hábitats de interese comunitario non prioritario que deben ser protexidos, evitando os órganos competentes “a deterioración ou contaminación dos hábitats de interese comunitario, tanto prioritarios como non prioritarios”.

As carballeiras e os soutos son hábitats comunitarios non prioritarios (pero tamén sometidos a normas de protección que eviten a súa “deterioración”) que, segundo o Manual de Interpretación de los Hábitats de la Unión Europea (EUR-27 2007 e EUR-28 2013) e pola información técnica do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (2012), serían definidos como carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (9230) así como Bosques de *Castanea sativa* (9260).

En relación cos tipos de hábitats de interese comunitario (non prioritarios) de carácter arbóreo indicados, é pois de aplicación todos os supostos que atendan a protexelos da súa “deterioración” (artigo 42.3 da Lei 42/2007).

Neste sentido, a afección de determinados proxectos industriais sobre os hábitats de carballeiras (9230) e soutos (9260), como poden ser as Liñas de Alta Tensión (LATs) ou as derivadas das infraestruturas eólicas dán orixe a unha afección moi grave sobre o estado de conservación destas masas, ao provocar a súa redución superficial, a súa fragmentación, alterando a estrutura e as funcións ecolóxicas dun bosque nativo. A alteración debe, ademais, considerarse como permanente xa que os protocolos de actuación establecidos para a vexetación que se desenvolve baixo as catenarias e a súa zona de protección non resultan compatibles co mantemento dun estado de conservación favorable do ecosistema boscoso.

Polo tanto, **as carballeiras e os soutos deberán ser obxecto de conservación e restablecemento, debendo a Xunta de Galicia e as demais Administracións implicarse máis na súa protección. É incompatible coa conservación destas calquer proxecto industrial que provoque a súa redución superficial, a súa fragmentación, altere a súa estrutura ou as súas funcións ecolóxicas.**

☞ **Afección severa para as familias que viven e residen nos núcleos máis próximos. Impactos non avaliados pola mercantil promotora:**

•O aeroxerador BA1 sitúase aproximadamente a 600 metros do núcleo rural O Vilar, a case 600 metros de Paredes, a 700 metros de Senón, a escasos 500 metros da localidade Barro de Abaixo e a escasos 700 metros do límite rural Barro de Arriba.

•A máquina BA2 atópase a unha distancia de escasos 700 metros do pobo Quinteiro, a 500 metros de O Vilar e a escasos 500 metros da poboación de Paredes

*O aeroxerador BA3 localízase a escasos 700 metros da localidade Barro de Arriba, a escasos 850 metros do límite rural de Barro de Abaixo, a a escasos 600 metros do pobo Vilariño e a uns 700 metros do límite do núcleo urbano San Vicente dá Baña.

*Barro de Abaixo, a case 524 metros da máquina BA1.

A mercantil promotora recoñece prexuízos para as familias que viven e residen nos seguintes núcleos de poboación. Agora ben, cómpre indicar que, con independencia do maior o menor número de habitantes, todas as persoas teñen dereito á protección da saúde e ao benestar persoal e social, polo que non se poden minimizar os impactos da mancha de infraestruturas eólicas existentes na zona en base a que os núcleos están dispersos e/ou teñen poucos habitantes.

☞ **Afección ás familias que viven e residen nos núcleos próximos ao proxecto en relación ao impacto paisaxístico, acústico e electromagnético. Afección severa ao benestar individual e grupal das familias que viven e residen nos núcleos afectados.**

A mercantil promotora recoñece impactos significativos para os núcleos de poboación afectados polo p.e. Barrosino: rúidos das voaduras puntuais durante a fase de execución do parque, contaminación acústica e electromagnética

durante o funcionamento, ou efecto de “sombra” das pás, alteracións das sinais de radio e televisión... etc. Ao que hai que engadir ou impacto paisaxístico que hai que convivir co ou resto da vida...

☞ **ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA**

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que a Xunta de Galicia permite inzar muiños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas.

O parque eólico proxectado sitúase nunha zona que recolle uns 127 aerogeradores en funcionamento, entre eles os correspondentes aos parques de Castelo, Fontesilva, Zas, Corzán próximos ao ámbito do Parque Eólico Barrosino.

En canto aos parques eólicos previstos a “futuro” estímase que entre parques que contan con autorización e solicitados un total de 303 aerogeradores, entre eles, os correspondentes aos parques Santa Comba, Troitoimil, Vilamartiño ou Rial próximos ao ámbito do Parque Eólico Barrosino, que se localizan no ámbito das poligonales 5 e 10 km.

Ademais están os parques eólicos Vilartoxo, San Cosmeiro, Maragouto, Banzas, Troitmil, O Vao, Alvite e Alvite II promovidos por promotores que pertencen ao grupo empresarial Capital Energy. Estes parques, do mesmo clúster, non foron obxecto de avaliación ambiental conxunta substraéndose por tanto da debida participación pública. Ao anterior hai que engadir que o Plan Sectorial Eólico de Galicia carece de avaliación ambiental estratéxica e tampouco está a ser obxecto do preceptivo seguimento ambiental que indica a Lei 21/2013, de avaliación ambiental.

***Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...**

***A promotora obvia a importancia microlóxica da área de afección do proxecto.**

***A promotora obvia a importancia económica da produción de castaña en réxime ecolóxico polo que respecta á afección aos soutos.**

☞ **Afección severa e incompatible coa avifauna.**

Aquila chrysaetos, catalogada en Perigo de extinción no Catálogo galego de Especies Ameazadas, e da que existen poucas parellas en Galicia.

Outra especie de distribución máis restrinxida é o Circus pygargus, especie catalogada como Vulnerable tanto a nivel galego como estatal.

Entre os paseriformes destaca a presenza de Phoenicurus phoenicurus, especie catalogada como Vulnerable tanto no CGEA como no CEA.

Respecto a os mamíferos, os quirópteros son o grupo máis afectado polos parques eólicos polos posibles riscos de colisión e morte por barotrauma.

Na zona identificáronse de forma segura un total de once especies diferentes de quirópteros, das cales o morcego grande de ferradura (R. ferrumequinum) atópase catalogada como “Vulnerable” tanto no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) como no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEA), mentres que o morcego pequeno de ferradura (Rhinolophus hipposideros) ten esta mesma catalogación no CGEA, pero non no CEA. Todas as especies de quirópteros atópanse en Réxime de Protección Especial en España. Sen embargo, polo principio de precaución ambiental non debera instalarse este parque eólico debido a que se incrementan significativamente o número de infraestruturas

eólicas presentes na mesma área xeográfica e frágmentanse aínda máis os ecosistemas co conseguinte impacto negativo para a avifauna.

Chioglossa lusitánica

Hyla molleri

Rá Ibérica

Circus pygargus

Salamandra salamandra

Rhinolophus ferrumequinum

Rhinolophus hipposideros

Rhinolophus euryale

Nyctalus lasiopterus

Miniopterus schreibersii

Accipiter gentilis

Circus aeruginosus

Accipiter nisus

Pernis apivorus

Buteo buteo

Circaetus gallicus

Falco peregrinus

Falco subbuteo

Falco tinnunculus

☞ **VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.**

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. Así as infraestruturas eólicas estarían localizadas sobre

explotacións forestais e madeiras. Estas localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

☞ **AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:**

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica en un futuro as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.



Ilustración 4.- Eucaliptales presentes en la zona de implantación del aerogenerador BA-01.

A mercantil promotora obvia a importancia madeira e forestal da zona afectada polo proxecto eólico e que constitúe a base das economías das familias que viven e residen nos núcleos rurais afectados. O proxecto eólico fragmenta as explotacións forestais afectando á calidade destas e elimina superficie arborada co conseguinte impacto económico.



Ilustración 18.- Núcleo de población Barro de Arriba (A Bañal).

Imaxe do proxecto dunha parcela de cultivo. A mercantil promotora obvia o impacto das infraestruturas eólicas sobre as economías das familias que viven e residen nos núcleos rurais afectados. Velaquí a afección sobre unha pradeira que sin dúbida afectará á cabana gandeira da propiedade.



Afección ao depósito de auga

☞ **Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican:

“• Recómendase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido. • É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifíquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica. O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

☞ **Prexuízos significativos para as Áreas de Especial Interese Paisaxístico:**

Prodúcese unha transformación da Paisaxe non amparada legalmente: de mosaicos agrarios e forestais pásase a unha paisaxe industrial de parques eólicos e liñas de evacuación sen que a cidadanía e o público fose consultado ao respecto.

Parque Eólico Alvite (12 aeroxeradores no Concello de Negreira e Mazaricos).

Parque Eólico Alvite II (6 aeroxeradores no Concello de Negreira e Santa Comba).

Parque Eólico Banzas (9 aeroxeradores no Concello de Negreira e Outes).

Parque Eólico Barrosino (3 aeroxeradores no concello A Baña).

Parque Eólico Maragouto (10 aeroxeradores nos concello Outes e Mazaricos).

Parque Eólico San Cosmeiro (8 aeroxeradores nos concellos de Mazaricos e Outes).

Parque Eólico Troitmil (5 aeroxeradores no Concello da Baña).

Parque Eólico Vilartoxo (6 aeroxeradores no concello da Baña e Val do Dubra).

Parque Eólico Iroite (5 aeroxeradores nos concellos de Porto do Son e Boiro).

Parque Eólico O Vao (7 aeroxeradores en concellos de Mazaricos e Outes)

Solución de evacuación conxunta dos PPEE Maragouto e Banzas (25.300 m nos Concellos de Mazaricos, Outes, Negreira, Brión, Rois e Lousame).

LAT 132 kV SET PE Troitmil- LAT 132 kV SET PE Banzas/SET Colectora Lousame (14.600 m nos Concellos de Negreira e A Baña).

Solución de evacuación conxunta dos PPEE Alvite e Alvite II (5.800 m nos Concellos de Mazaricos e Negreira).

LMT 30 Kv PE San Cosmeiro – PE Maragouto (5.250 m nos Concellos de Mazaricos e Outes).

Solución de evacuación conxunta dos PPEE Barrosino e Vilartoxo (6.800 m no Concello da Baña).

LAT 132 kv SET PE Iroite – SET Colectora Lousame (20.000 m nos Concellos de Porto do Son, Lousame e Rois).

Todos estes proxectos actualmente atópanse en tramitación polo que deberan someterse conxuntamente a avaliación ambiental e á participación pública de maneira tamén conxunta, en especial aqueles pertencentes ao mesmo clúster empresarial, para que a cidadanía puidera avaliar e participar na avaliación de todas estas infraestruturas. Obviar a participación do público na avaliación ambiental xera indefensión e é unha vulneración flagrante do Convenio de Aarhus.

Pero ademais hai outros proxectos que comparten área xeográfica non pertencentes ao Promotor (Extraídos do Rexistro Eólico e Galicia e do visor do Plan Básico Autonómico (a data de consulta de 16/06/21) e as súas características máis destacadas son os seguintes:

Parque Eólico A Costa (2 aerogeradores no Concello de Mazaricos).

Parque Eólico A Picota II (5 aerogeradores no Concello de Mazaricos).

Parque Eólico A Picota (10 aerogeradores no Concello de Mazaricos).

Parque Eólico A Ruña III (3 aerogeradores no Concello de Mazaricos).

Parque Eólico Ampliación Virxe (4 aerogeradores nos concellos de Mazaricos e Muros).

Parque Eólico Campo Pequeno (9 aerogeradores no Concello da Baña).

A evacuación do PE A Costa (Greenalia Wind Power S.L.O) unirase á LAT 132 Kv SET Maragouto (30/132 kV) – SET Banzas (30/132 kV), evacuando de maneira conxunta co resto dos Parques Eólicos da agrupación industrial ata a SET propiedade de Rede Eléctrica Lousame 220 kV.

Parque Eólico Corzán (modificado Nº1) (45 aerogeradores no Concello de Negreira).

Parque Eólico Outes (7 aerogeradores nos concellos de Negreira e Outes).

Parque Eólico Paxareiras II C (32 aerogeradores nos concellos de Carnota, Mazaricos e Muros).

Parque Eólico Pedregal Tremuzo (36 aerogeradores nos concellos de Muros e Outes).

Parque Eólico Pedregal Tremuzo ampliación (7 aerogeradores no Concello de Muros).

Parque Eólico Singular Outes (3 aerogeradores no Concello de Outes).

Parque Eólico Santa Comba (14 aerogeradores nos concellos de Santa Comba, Val do Dubra e A Baña).

Parque Eólico Serra de Outes (19 aerogeradores nos concellos de Mazaricos e Negreira).

Parque Eólico Vaqueira (3 aerogeradores no Concello de Outes).

Parque Eólico Vilamartiño (15 aerogeradores nos concellos da Baña e Val do Dubra).

Ademais dos proxectos anteriormente mencionados están as Liñas de Alta Tensión doutros titulares (LAT 66 kV Mazaricos-Muros, LAT 66 kV Evacuación P. Eólico Graiade, LAT 66 kV Sub.Mazaricos-Sub. PE Ponche Rebordelo, LAT Parque Eólico de Pedregal-Tremuzo, LAT

220 kV Vimianzo-Mazaricos, C1 MZR REB 66, C1 NEG BOA 66, C1 MZR SUX 66, LAT 66 kV C1 TA2 MZR 66, LAT 66 kV C1 TA2 NEG 66, LAT 220 kV C1 TA2 SNT 220, LAT 66 kV C1 TA2 ROI 66, LAT 66 kV C1 TA2 PDS 66 e LAAT 220 KV SET Mazaricos-SE Lousame).

Por último, mencionar o PE Vilacoba, composto por 5 aerogeradores no Concello de Lousame que se atopa en estado de tramitación, cuxa liña de evacuación chega á SEC Lousame. Sinalar que este parque atópase fóra do ámbito de estudo e que a súa evacuación non se incluíu porque ao estar en estado de tramitación, non se dispón da traza da mesma.

A evacuación do PE Vaqueira (Greenalia Wind Power S.L.) unirase á LAT 132 kV SET Maragouto (30/132 kV) – SET Banzas (30/132 kV), evacuando de maneira conxunta co resto dos Parques Eólicos da agrupación industrial ata a SET propiedade de Rede Eléctrica Lousame 220 kV.

O inventario ambiental derivado da valoración dos impactos sinérxicos é moi deficiente e non permite a avaliación de todos eles. A promotora tampouco indica medidas correctoras ou compensatoria algunha.

Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

☞ **Afección severa aos roteiros. Incremento do Feísmo Paisaxístico e afección severa ao turismo e á hosterlería.**

- Roteiro de sendeirismo do río Tambre polas parroquias de Fiopáns e Troitosende
- Roteiro de sendeirismo de Santa Mariña polas parroquias de Monte, Lañas e O Barro.
- Roteiro de sendeirismo do val de Barcala polas parroquias de San Xoán de Barcala, Ordoeste, Corneira e San Cibrán
- Ruta BTT A Baña larga permanente: de 42,14 km
- Camiño de Santiago Fisterra-Muxía.- impacto visual severo e negativo. Incremento do Feísmo Paisaxístico.

Afección severa e prexuízos irreversibles para a rede de miradoiros da zona:

- Miradoiro de Santa Mariña
- Monte Castelo
- Pico San Marcos – O Pedroso
- Alto da Paradela

O parque eólico proxectado afecta de maneira severa a paraxes identitarias da zona como As Cortiñas do Couso, A Valada, Alto das Pedreiras, O Redondo, Pico do Marco, Monte Silviriño, Riba da Candaña, Cotón Grande, Costa da Devesa, Campo Maior, Pedra de Casal, Montes de Bergando, Montes da Pedra Alba, Monte Agudo, Monte Negro, Monte de Farraces, O Raxado...etc. Impacto non avaliado pola mercantil promotora.

☞ **Afección severa ao patrimonio cultural. Descontextualización patrimonial.**

GA15007001: O Castro/O Castelo (Ou Castro)

- GA 15007029: O Castro/ O Castro Grande (Liñares)
- GA 15007030: Castrallón (Xasoso)

- GA 15007031: Castelo dá Carballa (Paredes)
- GA 15007064: Monte Agudo (Paraxó)
- AR01: Igrexa parroquial de San Vicente (Castro)
- CR01: Cruceiro (Castro)
- CP01: Fonte (Castro)
- AR03: Capela das Dores (San Vicente)
- CR02: Cruceiro (San Vicente)
- CP02: Hórreo (San Vicente)
- AC01: Casa Reitoral (San Vicente)
- Hórreo (San Vicente)
- AR02: Capela de San Salvador (San Salvador)
- AR06: Iglesia de Sta María de Barro (Barro de Arriba)
- AC03: Pazo (Barro de Arriba)
- CR05: Cruceiro (Barro de Arriba)
- CP05: Fonte (Senón)
- Fonte de Sta Margarita (Senón)
- Presa 01: A Ponte de Arriba

*Camiño real (sen catalogar) afectado pola gabia de cableado entre o aeroxerador BA01e BA03, que comunica o lugar do Pousadoiro co Camiño de Santiago.



Foto 14: Zanja entre BA01 y BA03.

Traza do Camiño real afectado por unha gabia (non catalogado)

☞ Património cultural inmaterial: sen avaliar.

☞ Prexuízos significativos e irreversibles para os chans e o medio ambiente:

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñendoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación dos eólicos proxectados do parque eólico BARROSINO alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

“A Lei do chan aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.

O artigo 31 da citada lei referido a “Concepto e categorías” establece:

“1. Terán a condición de chan rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.

Así, o artigo 34 da Lei 2/2006 do chan de Galicia indica respecto ao “Chan rústico de especial protección” que:

“4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”, pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas.

De feito, o artigo 35.2 indica que: “Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos”, sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade, como é o caso das remocións de terra descritas no proxecto eólico BARROSINO.

Conclusión:

O parque eólico BARROSINO proxectado é incompatible cos usos e a fertilidade actual dos chans. As cimentacións do parque xunto coa remoción de toneladas de terra previstas para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área

afectada, xa que, a perda da cuberta vexetal e dos humidais converte aos chans nun recurso natural non renovable e finito perdendo a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible.

3.- ANÁLISE DOS PLANEAMENTOS URBANÍSTICOS MUNICIPAIS DOS MUNICIPIOS AFECTADOS POLO PARQUE EÓLICO BARROSINO.

A mercantil promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso pomenorizado para recalificalo como chan rústico de especial protección de infraestruturas.

De acordo co previsto no Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste caso non é o chan de infraestruturas). **Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto eólico BARROSINO é incompatible. A promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente en relación ao chan rústico de protección forestal, chan rústico de protección de cauces, o chan rústico de protección paisaxística e o chan rústico de protección de espazos naturais.**

“Artigo 34.4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”.

Ao anterior hai que engadir a prevalencia da protección ambiental do **Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia”.

A maior abundamento **hai que contar coa protección ambiental reforzada da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.** Hai hábitats prioritarios e hábitats de interese comunitario pero ambos os dous tipos gozan da protección do artigo 2 desta directiva, isto é:

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser, por tanto, nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.

4.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) *A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.*

d) *A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).*

f) *A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.*

g) *A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.*

5.- O PLAN SECTORIAL EÓLICO DE GALICIA

Á vista da multitude de proxectos eólicos que se están a tramitar arestora por parte da Xunta de Galicia están a producirse importantes desaxustes entre a realidade actual e o contexto contemplado no Plan Sectorial Eólico de Galicia (páxina 91 da Memoria), que indica literalmente:

"En cualquier caso, la Revisión del Plan Sectorial Eólico de Galicia está concebida no sólo en esos términos de complementariedad requeridos por la L.O.T. sino que, asimismo, se sujeta a los Principios de mínima incidencia territorial y de máxima compatibilidad con los Planes Generales de Ordenación Municipal".

Non estamos por tanto no ano 1997, na data de aprobación do Plan Sectorial eólico nin estamos ante unha planificación eólica de mínima incidencia territorial nin de máxima compatibilidade cos Plans Xerais de Ordenación municipal.

A realidade é que estamos ante a tramitación numerosa de proxectos eólicos tanto autonómicos como estatais que inciden directamente e de xeito importante na vida das familias que viven e residen no medio rural, afectando de forma importante aos seus medios de vida, e que son totalmente incompatibles coas clasificacións urbanísticas municipais.

A realidade é que a Xunta de Galicia está a favorecer a implantación de parques eólicos de forma indiscriminada dentro das Áreas de Desenvolvemento Eólico, rodeando os núcleos con turbinas que acadan unha altura de case tres veces a catedral de Santiago e deixando ás aldeas sen horizontes, incumprindo de facto o Convenio europeo da Paisaxe que incide no dereito da cidadanía a ser consultada sobre os obxectivos de calidade paisaxística. Isto incide directamente no benestar e na saúde das familias que viven e residen nos núcleos rurais afectados, que vén condicionada as súas vidas, o seu espazo vital e os seus horizontes, polos intereses de empresas alleas que só buscan explotar un recurso co mínimo custo e maximizando beneficios, á costa das familias e dos recursos comúns de todas as persoas e familias galegas.

Por outra banda, cómpre recordarlle que moitas das mercantís promotoras de proxectos eólicos en Galicia incluso semellan vinculadas a negocios en paraísos fiscais como pode ser a propia Naturgy, Iberdrola...etc., o que dá idea da responsabilidade social corporativa e a ética destas, polo que non ten sentido a complicidade da Xunta de Galicia con estas empresas a costa de sacrificar o benestar das familias e as aldeas do rural de Galicia.

Ademais a Lei 5/2017, do 19 de outubro modificou a Disposición transitoria segunda relativa da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, relativa ás Áreas de desenvolvemento eólico para incorporar nestas ás áreas de reserva e áreas de investigación, así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente.

Sen embargo, e a pesar desta e doutras recentes modificacións continúa sen someterse o Plan Sectorial eólico á avaliación ambiental estratéxica que esixe a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental para todos os plans e programas, manténdose a planificación sectorial eólica galega fóra desta lei.

Por outra banda, o contido do Plan Sectorial Eólico de Galicia nunca chegou a publicarse no DOG para público e xeral coñecemento das súas afeccións, cos conseguintes prexuízos que se están a ocasionar arestora para as familias que viven e residen nos núcleos rurais de Galicia, que descoñecen na meirande parte dos casos as afeccións eólicas que

teñen á beira das súas casas e terras (o seu medio de vida), vulnerándose así o artigo 9.3 da Constitución española que refírese a un principio tan básico dunha Democracia como é a publicidade das normas. Así temos o caso de que os Plans urbanísticos municipais sí se publica o contido íntegro dos seus textos nos boletíns oficiais, pero o Plan Sectorial eólico de Galicia, de carácter supramunicipal e máxima incidencia territorial non.

Semella que Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais non aplica a lei 21/2013, de 9 de outubro de avaliación ambiental, o que resulta cando menos moi preocupante tendo en conta o tempo transcorrido desde a aprobación do Plan Sectorial eólico no ano 1997, os cambios normativos acaídos desde entón e a situación de vulnerabilidade e crise climática que se está a producir arestora. Por outra banda, está a esquecer o principio precautorio en materia ambiental que debiera imperar sobre a planificación territorial, en consoancia coa normativa ambiental vixente.

Segundo o Rexistro eólico de Galicia que se pode ver neste enlace: <https://xuntasix.maps.arcgis.com/apps/webappviewer/index.html?id=4bae3fad95b6439bacef9d1a316765e9>

Cómpre salientar que a delimitación das Áreas de Desenvolvemento Eólico (ADEs) do anterior enlace, non coinciden coas do enlace que a seguir se indica:

<http://www.inega.gal/enerxiasrenovables/eolica/plansectorialeolico.html?idioma=es>

O feito de que non coincidan as superficies das ADEs dá lugar a pensar que hai dous Plans Sectoriais eólicos, polo que a Xunta de Galicia debe aclarar de inmediato cal é o Plan sectorial eólico vixente e as delimitacións das ADEs. Por outra banda, tras a incorporacións ás ADEs das áreas de investigación e reserva, as novas ADE resultantes desta incorporación non están xeoreferenciadas nin delimitadas topográficamente con un sistema de coordenadas XY, polo que xera moita inseguridade xurídica na cidadanía e indefensión para esta. Cómpre por tanto e sen demora, que o órgano substantivo, isto é, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais publique no DOG as ADEs actualizadas e xeoreferenciadas.

Así a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental indica:

Disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico.

1. *En tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento eólico as áreas de reserva e áreas de investigación, así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente.*

Sen embargo, a nova delimitación das ADE froito desa modificación e nova ampliación non foi publicada no DOG e tampouco estas actualmente vixentes están delimitadas nin xeoreferenciadas.

Isto xera falla de seguridade xurídica entre a cidadanía, especialmente a afectada, polo que deberan tomarse medidas neste sentido.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento da a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Barrosino, no concello da Baña (expediente IN408A 2019/30). DOG Núm. 174, 9 de setembro de 2021, e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PARQUE EÓLICO BARROSINO (EXPEDIENTE IN408A 2019/30) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAS), ASÍ COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

4.- Téñase en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental e que está desfasado, caduco e obsoleto e que carece de avaliación ambiental estratéxica. Ademais, nunca chegou a publicarse íntegramente o seu texto e as correspondentes modificacións do mesmo no Diario Oficial de Galicia vulnerándose o artigo 9.3 da Constitución española (principio de publicidade das normas e principio de seguridade xurídica).

5.- Acceso dixital, ao abeiro da Lei 27/2006, á documentación relativa ao seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia e ao programa de vixilancia ambiental deste, tal e como indica o artigo 51 da Lei 21/2013, de 9 de outubro de avaliación ambiental de Galicia.

6.- A adopción da medida cautelar urxente consistente na suspensión temporal da eficacia do Plan Sectorial Eólico de Galicia e a paralización temporal da aplicación deste, en tanto non se someta este regulamento á avaliación estratéxica ambiental prevista na Lei 21/2013, de 9 de outubro de avaliación ambiental.

7.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.

8.- Que por parte do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, se informe sobre a compatibilidade do proxecto da estación eólica BARROSINO e os demais parques que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial nas proximidades xeográficas deste e os demais parques xa instalados ou en tramitación existentes ou previstos para a mesma área xeográfica cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección.

9.- Que por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico BARROSINO e os demais parques que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial nas proximidades xeográficas deste e os demais parques xa instalados ou en tramitación existentes ou previstos para a mesma área xeográfica, en tanto en canto como ben di a

exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego (artigo 5 da Lei de Montes de Galicia).

10.- Información sobre das axudas públicas e contías recibidas pola empresa promotora Green Capital Power, S.L., e as demais empresas do mesmo grupo empresarial, tanto do Estado español como do Banco Europeo de Inversións ou calquera outra Administración pública para o desenvolvemento dos parques BARROSINO e os demais parques que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial nas proximidades xeográficas deste do mesmo grupo empresarial e obxecto doutros expedientes independentes, e que pese a súa vinculación entre eles, non foron obxecto de avaliación ambiental conxunta como correspondera obviándose así a participación pública na avaliación ambiental do conxunto de proxectos vencellados ao mesmo grupo empresarial e para o mesmo ámbito xeográfico.

11.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo tanto ao parque eólico BARROSINO e os demais parques que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial nas proximidades xeográficas deste e os demais parques xa instalados ou en tramitación existentes ou previstos para a mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

A Baña, 12 de setembro de 2021

Asdo.- _____